

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 4011/2020**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020 cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, o cal indica no seu punto oitavo apartado 2, que a cada brigada que se forme estea composta por:

- a. Un xefe de brigada en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.
- b. Un peón condutor que terá o carné de conducir B.
- c. Dous ou tres peóns de brigada.

No Boletín Oficial da Provincia número 157, de 10 de xullo de 2020, publícase a convocatoria da selección de persoal temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo, polas que se establecen as normas que rexerán a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores ( un Xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns) non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o punto 4.2, das bases xerais, na que literalmente dí,

*"(...)O prazo de presentación das solicitudes será de cinco **(5) días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP)."*

Visto que o prazo de presentación das solicitudes foi dende o día 07 de xullo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020.

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

Tendo en conta que durante este prazo, non se presentaron solicitudes para cubrir o posto de xefe de brigada.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 27 de xullo de 2020, pola que se establece un novo prazo de presentación de solicitudes para selección de persoal, en base a oferta de emprego 12-2020-5950 presentada no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) na oficina de Viveiro, na que literalmente dí,

*"(...)Tendo en conta que o posto de Xefe de Brigada de contra incendios está vacante é polo que se realiza oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) en Viveiro.*

*Tendo en conta que o Servizo Público de Emprego de Galicia nos remite o resultado da selección con número de oferta 12-2020-5950, cos seguintes candidatos:*

- LÓPEZ LÓPEZ IRENE MARÍA
- OURAL GARCÍA FELIPE
- BELLAS VÁZQUEZ VICENTE
- FERNÁNDEZ LOSAS MARÍA ÁNGELES
- SALVATIERRA FERRERÍA ROCÍO
- GARCÍA BASANTA MARÍA DEL CARMEN
- RIVERA RODRÍGUEZ MARÍA ELENA
- TALADRID SASTRE HUGO
- BELLO MILLARES FRANCISCO JAVIER
- RODRÍGUEZ ROUCO ADRIÁN
- PÉREZ LÓPEZ CRISTIAN
- VÁZQUEZ GARCÍA LUIS
- ÁLVAREZ PARDO IVÁN
- CAMPO LAGE JAIRO

*Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2020 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.*

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de Xefe de Brigada contra incendios, dende o **28 de xullo de 2020 ata o 03 de agosto de 2020 (ámbolos dúas incluídos).**

**SEGUNDO.-** Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección dun posto de Xefe de Brigada contra incendios, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2020, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal [www.viveiro.es...](http://www.viveiro.es...)

Tendo en conta que durante o período de novo prazo de presentación de instancias dos aspirantes propostos da oferta de emprego 12-2020-5950, non se presentaron ningunha solicitude de participación en dito proceso, polo que dito posto segue vacante.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Desistir do proceso selectivo para a contratación de cinco

---

## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

traballadores (un xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns) non incluídos no cadro de persoal do Concello, para prestar servizos no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2020, pola imposibilidade de cubrir o posto de xefe de brigada requisito de dito convenio de colaboración.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución aos interesados mediante a publicación do taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital, a Consellería Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Departamento de Protección Civil do Concello de Viveiro.

Contra a presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo d que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do  
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

